

REUNIÓN DEPARTAMENTO 25/02/2025

Sendo as 9:45 do 25 de febreiro reúnese o Departamento de Física e Química do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela, para tratar os seguintes puntos na orde do día:

- Seguimento das programacións.
- Concreción curricular
- Promoción das seccións bilingües

Faise a revisión do desenvolvemento das programacións. Nos cursos de 2 e 3 ESO estanse a desenvolver con normalidade, con dificultades para a realización de prácticas en 3 ESO por problemas de espazos e de tempo, ao contar con só 2 horas á semana.

En canto á concreción curricular, non hai ningún comentario que facer por parte do departamento á proposta enviada pola dirección.

No referente á promoción das seccións bilingües, decídese enviar información ás familias antes da vacacións de semana santa, para facer unha reunión informativa á volta das vacacións.

Sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión, sendo as 10:35h do 25 de febreiro.

Ana Dapena

María Roel

Marcos Vázquez